

D. Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A :

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 12/09/2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da Subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente de acordo cos métodos oficiais de referencia (ISO, AOAC).*

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2024006710 de data 14/08/2024 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da ***Subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente acordo cos métodos oficiais de referencia(ISO, AOAC).***

Con data 19/08/2024, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, a resolución de aprobación do expediente e os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 05/09/2024, procedeu á apertura dos sobres únicos correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobre únicos presentáronse as seguintes empresas, que foron admitidas no procedemento:

- FOSS IBERIA SAU A-08912909.

Os valores ofertados polo único licitador foron os seguintes:

• Importe sen o IVE:	87.044,00 €
• IVE (21 %):	18.279,24 €
• Importe total ofertado:	105.323,24 €



A maiores, xunto coa oferta económica, o licitador remite as especificacións técnicas dos analizadores automáticos de obrigado cumprimento, conforme o esixido nos pregos e, na mesma reunión, a Mesa acordou remitir dita documentación ó servizo de Medio Ambiente para que procedesen á emisión do correspondente informe.

Con data 9/09/2024, a Xefa do servizo de Medio Ambiente emite informe favorable respecto das características técnicas ofertadas (csv: 2DKV92YHVCVAN3U5)

Visto o informe do servizo de Medio Ambiente, a Mesa de Contratación procede coa ponderación dos valores ofertados, correspondentes cos criterios de valoración automática, de conformidade cas fórmulas establecidas nos pregos. A puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

	FOSS IBERIA SAU A-08912909
Prezo ofertado sen IVE	16,42

En base ó anterior, a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	FOSS IBERIA SAU A-08912909	16,42

2. Propor ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa FOSS IBERIA SAU A-08912909, que alcanzou a maior puntuación 16,42.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, quedando acreditado, ó tenor do recollido no mesmo, a súa capacidade de obrar, o poder do representante, e a ausencia de prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirille á empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica para que, no prazo de **7 días hábiles**, contados dende o día seguinte ó que reciba a notificación, presente o resto de documentación esixida, a través dunha Instancia Xenérica na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/>), de conformidade co establecido no artigo 159.4 LCSP:

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra na data que figura na marxe.

